

103/80

3

17

Exp: 103/80

FD: 935

PROVINCIA: LUGO	MUNICIPIO: POL
-----------------	----------------

CARPETA-FICHA DEL MONTE:

" SERRA y PICATO "

COMUNIDAD PROPIETARIA

V^s:

POL (P ²) (excepto EIRON)

CLAVE DEL MONTE

PROVINCIA	MUNICIPIO	COMUNIDAD PROPIETARIA	MONTE
LU	46	16. R	1

SUPERFICIE

HECTÁREAS

217

192

DE
MONTES VECINALES EN MANO COMÚN
LUGO

En la ciudad de Lugo a dieciséis de noviembre de mil novecientos ochenta y uno, reunido el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, en la Sala de Juntas del Gobierno Civil, acordó la clasificación del monte, "SERRA, PICATO Y PANDO", expediente n° 103/80, como monte vecinal en mano común, en la tenor de la siguiente resolución:

Visto en el día de la fecha, el expediente de clasificación del monte, "SERRA, PICATO Y PANDO", expediente, n° 103/80, del ayuntamiento de Pol, ha promovido a instancia de la Administración Forestal y,

RESULTANDO.- Que con fecha, 30 de junio de 1.980, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, acordó la iniciación y tramitación del expediente de clasificación del monte, "SERRA, PICATO Y PANDO", designando como instructor al Vocal DON MANUEL MARTINEZ GARRIDO.

RESULTANDO.- Que con fecha, 10 de julio de 1.980, se dictó providencia por la que se da comienzo al expediente de clasificación, n° 103/80, poniendo por cabeza del mismo copia de acuerdo del Jurado Provincial y la documentación aportada.

RESULTANDO.- Que con fecha, 10 de julio de 1.980, se dictó providencia, acordando requerir al ayuntamiento de Pol, para que aportara:

a) Certificación del Registro de la Propiedad, relativa a la inscripción del monte, "SERRA, PICATO Y PANDO", de 217 ha. sitos en la parroquia de Pol, b) Certificación del inventario de Bienes Municipales, relativa al monte, "SERRA, PICATO Y PANDO", c) Certificación del acuerdo municipal, relativo al Consorcio, con la Administración Forestal, para la repoblación de dicho monte.

RESULTANDO.- Que con fecha, 10 de julio de 1.980, se acordó, recabar de la Administración Forestal, I.C.O.N.A., certificación, relativa a si el monte, "SERRA, PICATO Y PANDO", figura incluido en el catálogo de los de Utilidad Pública de la provincia de Lugo.

RESULTANDO.- Que con fecha, 10 de julio de 1.980, se remitió, edicto, al ayuntamiento de Pol, poniendo en conocimiento de todos, los interesados la incoación, del presente expediente de clasificación, a fin de que pudieran comparecer e intervenir en él, en defensa de sus derechos e intereses.

RESULTANDO.- Que con fecha, 5 de septiembre de 1.980, se recibió certificación del Instituto Nacional, para la Conservación de la Naturaleza, en la que consta, que el monte, de Pol, no forma, parte de los incluidos en el catálogo de los de Utilidad Pública, de la provincia de Lugo.

RESULTANDO.- Que con fecha, 6 de noviembre de 1.980, se recibió certificación del ayuntamiento de Pol, en la que consta, que el edicto, permaneció expuesto al público, durante el tiempo correspondiente, sin que contra el mismo, se hubiese presentado reclamación alguna.

RESULTANDO.- No se recibió ninguna reclamación contra la clasificación del citado monte.

RESULTANDO.- Que, en el expediente de investigación, que figura unido, en cuerda floja, consta comparecencia de vecinos de la parroquia de Pol, (excluido Siron), que manifiestan:

Que en términos de esta parroquia, hay unos montes, indivisos, procedentes de antiguos conos, de la Casa y "PANDO", que desde, tiempo inmemorial, están, en la posesión del común, de vecinos que

de la parroquia, (excluido Sirón), que los aprovechó siempre mancomunadamente, para pastoreo, rozas de matorral y cavadas, - para siembra.

Estos montes, no han sido afectados, por la repoblación forestal y siguen con los aprovechamientos tradicionales de siempre.

RESULTANDO .- La parcela denominada, " PANDO ", viene siendo aprovechada de forma individualizada, por lo que reviste el carácter de monte vecinal en mano común.

RESULTANDO .- Las parcelas, " SERRA Y PICATO", desde siempre vienen siendo aprovechadas por los vecinos de la parroquia de Pol, excepto Sirón, por su condición de tales de forma mancomunada e indivisa, constituyendo una comunidad de tipo germánico, por lo que reviste el carácter de monte vecinal en mano común.

RESULTANDO .- Que en la instrucción del expediente de clasificación, se han cumplido los trámites y formalidades que establecen la Ley de Montes Vecinales en Mano Común, de 27 de julio de 1.968 y su Reglamento de 26 de febrero de 1.970, así como la Ley de Procedimiento Administrativo de 17 de julio de 1.958.

Vistas las citadas Leyes y Reglamento y disposiciones de pertinente aplicación.

CONSIDERANDO .- Que el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, tiene competencia y jurisdicción para conocer, del expediente, el cual fué promovido por la Administración Forestal, con capacidad y legitimación para ello, habiéndose formulado la iniciación y tramitación del expediente en lugar, forma y tiempo, todo ello a tenor de lo dispuesto en los artículos 10 y 11 de la Ley de Montes Vecinales en Mano Común y 10 y 18 de su Reglamento.

CONSIDERANDO .- Que para determinar si un monte merece la clasificación, de vecinal en mano común, se hace preciso concretar si en el mismo concurren los requisitos reales que establecen, la Ley de Montes Vecinales en Mano Común, de su artículo 1.º, así como el artículo 1.º de su Reglamento a saber :

a) Que su pertenencia está atribuida a determinados vecinos agrupados en aldeas, lugares o parroquias, en calidad de tales, en proindivisión con independencia de su origen en comunidad germánica o mano común, b) Que tal comunidad de vecinos no esté constituida formalmente en entidad municipal.


CONSIDERANDO .- Que el monte, " SERRA, PICATO Y PANDO", está perfectamente identificado, tanto por el ayuntamiento de Pol, como por la Administración Forestal y en tal concepto fué consorciado, asimismo fué identificado, por los vecinos que comparecieron en el expediente de investigación unido, los cuales se consideran con derecho a los aprovechamientos que sobre el citado monte, puedan obtenerse a partes iguales.

CONSIDERANDO .- Que cualquiera que hubiese sido la propiedad de monte en tiempos remotos, los efectos de la prescripción extraordinaria, regulada por el artículo 1.959 del Código Civil, legitiman la titularidad de los actuales aprovechadores.

Este Jurado Provincial, a la vista de los antecedentes y consideraciones reseñadas, ha acordado :

1.º .- Clasificar, el monte, " SERRA, PICATO Y PANDO", en una superficie de 190 Ha. que corresponden a la parte de monte, denominada, " SERRA Y PICATO", no procediendo la clasificación del resto del monte, denominando, " PANDO", y " BALCERIOS", por estar dividido con aprovechamientos individualizados.

2.º .- Que se emita certificación de la resolución firme de este Jurado, al Registrador de la Propiedad, para la inscripción del monte a nombre de la comunidad titular del mismo, a tenor de lo dispuesto en el apartado a) del artículo 30 del Reglamento de Montes Vecinales en Mano Común.

The bottom of the document features several handwritten signatures in dark ink. There are also some faint, illegible stamps or markings, possibly from a registry or official office, interspersed among the signatures.

Prov. ^a	Munic. ^a	Comunidad Prop. ^a	N.º monte
LU	46	16.ºR	1

CLAVE DEL MONTE

• 3.- ESTADO FISICO

Ref. Índice

3.1 SITUACION. ALTITUD. ACCESOS.

Estos montes del resto de la parroquia de POL, (excepto Eirón), están formados por tres parcelas independientes entre sí, separadas por las fincas particulares y por el mismo río Balonga.

- "SERRA", en la esquina N.E. del término parroquial, formada por una gran loma que sube "en punta" hasta Pena Cavada.
- "PICATO" en la margen izquierda del río Balonga, subiendo al alto de Picato, y
- "PANDO" en el borde S. del término parroquial, subiendo hacia el S. hasta la divisoria con la parroquia de Luaces.

El terreno es bastante accidentado, con pendientes relativamente fuertes, y altitudes comprendidas entre los 525 y 689 m.

Tienen accesos desde la carretera local de Coto a Pol.

3.2 SUPERFICIE.

En conjunto, 190 Haa., obtenidas mediante planimetrado sobre 1/25.000.


3.3 LINDEROS.

Los del término parroquial son:

- N.- Términos y montes de Eirón y de la parroquia de Hermude.
- E.- Términos y montes de la parroquia de Balonga.
- S.- Términos y montes de la parroquia de Luaces.
- O.- Monte "Granda" de la parroquia de Mosteiro y

Ref. Índice	CLAVE DEL MONTE	Prov.*	Munic.*	Cantidad Prop.*	N.º monte
		LU	46	16.R	1
3.3	términos y montes de Fonfría.				
3.4	DESCRIPCION DEL PERIMETRO.				
	El perímetro del resto de la parroquia de POL (excepto Eirón), comprendiendo los montes "SERRA", "PICATO" y "PANDO", las fincas particulares y los mismos pueblos, puede describirse empezando por el extremo N.º. en Pena Cavada. Por el E. divide con términos y montes de la parroquia de Balonga desde Pena Cavada bajando hacia el S. a cruzar el río Balonga por Ribeiro, de donde sube también hacia el S. según una loma hasta Picato. Por el S. divide con términos y montes de la parroquia de Luaces desde Picato, siguiendo hacia el O. la cumbre de loma que divide aguas entre parroquias, por Pando hasta el camino de Galegos a Valiña. Por el O. divide primero con monte "Granda" de la parroquia de Mosteiro, bajando hacia el N. según una línea de marcos y después con términos de Fonfría, cruza el río Balonga por Presa de Valiño y sube al límite con Eirón en el camino de Galegos a Eirón. Por el N. divide con el monte "Granda Rubia" de Eirón y con montes de Hermunde siguiendo la cumbre de la moma de Caseto hacia el E. hasta subir a Pena Cavada, donde se comenzó.				
3.5	OBSERVACION SOBRE LIMITE CON FINCAS PARTICULARES				
	El límite de estos montes del resto de la parroquia de POL (excepto Eirón) con fincas particulares no puede ser muy preciso si se tiene en cuenta que algunas de éstas ocupan antiguos terrenos del monte comunal; en consecuencia, se ha llegado con los límites de éste hasta donde hay seguridad o duda razonable de que puede pertenecer al mismo.				

		Prov.*	Munic.*	Cantidad Prop.*	N° monto
	CLAVE DEL MONTE	LU	46	16.8	1
Ref.* Índice					
3.5	En caso de que este monto llegara a ser calificado como vecinal en meno común, tal vez fuera necesario un deslände parcial en tal colándancia con particulares, siguiendo los criterios tenidos en cuenta en tal calificación.				



LU 46 16.R 1

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

ANUNCIO do 3 de decembro de 2013, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Lugo, polo que se comunica aos posibles titulares de dereitos e intereses o acordo adoptado relativo ao expediente 103/80.

Na sesión celebrada polo Xurado Provincial coa data do 27 de novembro de 2013 figura o acordo seguinte:

Monte Serra e Picato (expediente 103/80), pertencente aos veciños da parroquia de Santo Estevo de Pol (agás Eirón), no termo municipal de Pol, e clasificado como veciñal en man común por resolución do Xurado Provincial con data do 16 de novembro de 1981. Como consecuencia da entrada en vigor da Lei 7/2012, de montes de Galicia, e coa finalidade de levar a cabo o establecido na disposición transitoria décimo terceira, con respecto á revisión de esbozos de montes veciñais en man común, o Xurado, na reunión celebrada o 17 de setembro de 2012 acordou solicitar do Servizo de Montes a realización de propostas de revisión e elaboración de cartografías actualizadas dos montes veciñais da provincia susceptibles de tal adecuación. Con data do 8 de xullo de 2013, o Servizo de Montes elabora unha proposta de novo esbozo para o monte Serra e Picato, partindo das actuacións da concentración parcelaria que se está a desenvolver na zona, e quedando o monte cunha superficie de 100,2768 hectáreas, de conformidade coa nova cartografía. Examinada a devandita proposta, o Xurado, por unanimidade, acorda aceptala e proceder á oportuna incorporación do esbozo ao expediente, e constancia a nivel do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común, de conformidade co dito.

Descoñecendo o nome e enderezo dos posibles titulares de dereitos e intereses sobre o referido monte, por medio do presente anuncio, e conforme o disposto no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ponse no seu coñecemento o devandito acordo.

Lugo, 3 de decembro de 2013

José Ramón Losada Fernández
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Lugo

CVE-DOG: af9xx5f2-qls1-0cs0-k8v3-wdzepmlyx122



II. SITUACIÓN, PENDENTE, ORIENTACIÓN, ALTITUDE E ACCESOS.

O monte consta de dúas parcelas situadas no noroeste do termo parroquial,(excepto Eiron) separadas por predios particulares polo sureste e polo río Balonga ata chegar aos límites da parroquia de Balonga. A parcela Serra forma unha loma que chega ata Pena Cavada. A parcela de Picato esta no marxen do río Balonga , subindo ata o alto de Picato.

O terreo esta formado por ladeiras medias, con pendentes relativamente suaves. A altitude oscila entre os 525 e os 689 metros.

Os únicos accesos directos son os camiños de servizo enlazados dentro da parroquia de San Estevo de Pol e a carretera de Coto a Pol

III. SUPERFICIES.

A superficie total do monte "Serra e Picato" é de 100,28 hectáreas, repartidas en dúas parcelas.

IV. LÍMITES E PERÍMETROS.

Parcela nº1-PICATO (Formada polas parcelas 448 e 70 do polígono 66 e a parcela 31 do polígono 65)

Norte: predios particulares de M^a Jesus Domínguez Legaspi (parcela 62), Manuel Mazoy Yedra (parcela 56), Jesus Paredes Núñez (parcela 55) Manuela Rielo Rancaño (parcela 54), Gabriel Fernández Otero (parcela 53), Jose Río Díaz (parcela 52), Jose Calaza Gesto (parcela 51), Laura Moran Andion (parcela 68), Jesus Paredes Núñez (parcela 21), Daniel Tellado Graña (parcela 20) , todas elas no polígono 66

Leste: predios particulares de María Villamide Graña (parcela 308) Ramón Castro Díaz (parcela 306), Luís Ramudo Fernández (parcela 305),

Herdeiros de Eduardo Cortón Huerla (parcela 304), Dolores, Eugenia, e Purificación Canto Neira (parcela 307), m. comunal de Balonga (parcela 479), todas elas no polígono 66.

Sur: predios particulares de Herdeiros de Jose López Pérez (parcelas 456 e 457), J Enrique Domínguez Fernández (parcela 458), Herdeiros de Jose Valiño Otero (parcela 455), Daniel Tellado González (parcela 492), Fe Tellado Castro (parcela 69), Manuel Pérez Moran (parcela 3), Herdeiros de Mercedes Castiñeira Cedron (parcela 1). Todas elas no polígono 66.

Oeste: predios particulares de Laura Moran Andion (parcela 19), Josefa Calaza Cortón (parcela 14), Arsenio Fernández Oetro, Eladino Carracedo Alonso ,Sergio Calaza Gesto e Jose Otero Castro (parcela 17), Fe Fernández Calaza (parcelas 18 e 30), herdeiros de Mercedes Castiñeira Cedron (parcela 25), todas elas no polígono 65 . En total a parcela ten **47, 3104 ha**

Parcela nº 2- Serra (Formada polas parcelas 506, 507 do polígono 44 ; parcelas 447 e 478 do polígono 66 ; e parcela 45 do polígono 55)

Norte: predios particulares de J Manuel Castro Vello (parcela 7 do polígono 55) , Esther Castro Seoane (parcela 6 do polígono 55 e parcela 31 do polígono 44), Manuel Pérez Arias (parcela 58 do polígono 44).

Leste: predios particulares de Diocesis de Lugo (parcela 13), fe Cortón Carballeira (parcela 12), Higinio Abilleira Álvarez (parcela 11), J. Antonio Piñeiro Onega (parcela 10), Ester Castro Seoane (parcela 9), Remedios Castiñeira Castro (parcela 517), Faustino Pérez Castiñeira (parcela 7), Antonio González Castro (parcela 6), Dositeo Muíña Fernández (parcela 2) Jose parajes Candal (parcela 1). Todas elas no polígono 44 .

Sur: Carretera de Fonfria a Río Xoán.

Oeste: predios particulares Roberto Ramudo Tellado (parcela 40), Laura Moran Andion (parcela 41), Sergio Calaza Gesto e Carmen Cortón Andion (parcela 17), Jose Río Díaz (parcela 18) e zona de concentración parcelaria. En total ten **52,9664 ha**

V. ESTADO FORESTAL. APROVEITAMENTOS.

O monte atópase ocupado por *Pinus Radiata* e pino do país (*Pinus pinaster*), así como por matogueira diversa.

VI. ESTADO SOCIOECONÓMICO.

A parroquia de San Estevo de Pol atópase baixo a influencia socioeconómica do concello de Pol

O sector primario é o sector maioritario na base económica local, se ben este sector ven mostrando unha tendencia decrecente nos últimos tempos cun aumento do sector servizos.

VII. CONCLUSIÓNS.

Á vista de todo o anterior, propónse o novo esbozo para o monte coas seguintes características:

Nome: Serra e Picato

Pertenza: veciños da parroquia de San Estevo de Pol

Parroquia: San Estevo de Pol

Termo municipal: Pol


Superficie: 100,2768 hectáreas

Lugo, 8 de xullo de 2012

O xefe de área

Fernando Rengifo Méndez-Núñez





VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

ANUNCIO do 2 de xullo de 2015, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Lugo, polo que se comunican aos posibles titulares de dereitos e intereses os acordos adoptados por este xurado, relativos aos expedientes 76/80, 29/75, 103/80, 118/77, 44/79, 24/76 e 27/76.

Na sesión celebrada polo Xurado Provincial con do data 30 de xuño de 2015 figuran os acordos seguintes:

Monte Ribón (expediente 76/80), pertencente aos veciños dos lugares de Orán, Penamazada e Rioxoán, da parroquia de Valonga, do concello de Pol, clasificado polo Xurado con data do 15 de xuño de 1981. Como consecuencia da entrada en vigor da Lei 7/2012, de montes de Galicia, e coa finalidade de levar a cabo o establecido na disposición transitoria décimo terceira, con respecto á revisión de esbozos de montes veciñais en man común, o Xurado, na reunión celebrada o 17 de setembro de 2012, acordou solicitar do Servizo de Montes a realización de propostas de revisión e elaboración de cartografías actualizadas dos montes veciñais da provincia susceptibles de tal adecuación. Con data do 6 de novembro de 2014 tivo entrada escrito presentado por Ramiro Vázquez Gómez, como secretario da Xunta Reitora do monte, no cal solicita que se proceda á revisión do esbozo conforme a documentación que xunta. Con data do 12 de maio de 2015, o Servizo de Montes elabora unha proposta de novo esbozo para o monte Ribón, quedando o monte cunha superficie de 87,98 hectáreas, de conformidade coa nova cartografía. Examinada a devandita proposta, o Xurado, por unanimidade, acorda aceptala e proceder á oportuna incorporación do esbozo ao expediente, e constancia a nivel do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común, de conformidade con este.

Monte de Santa Cruz de Parga (expediente 29/75), pertencente aos veciños da parroquia de Santa Cruz de Parga, do concello de Guitiriz, clasificado polo Xurado con data do 31 de xullo de 1975. Como consecuencia da entrada en vigor da Lei 7/2012, de montes de Galicia, e coa finalidade de levar a cabo o establecido na disposición transitoria décimo terceira, con respecto á revisión de esbozos de montes veciñais en man común, o Xurado, na reunión celebrada o 17 de setembro de 2012, acordou solicitar do Servizo de Montes a realización de propostas de revisión e elaboración de cartografías actualizadas dos montes veciñais da provincia susceptibles de tal adecuación. Con data do 6 de agosto de 2014, tivo




entrada escrito presentado por Manuel Amil Carreira, como presidente da Xunta Reitora do monte, no cal solicita que se proceda á revisión do esbozo conforme a documentación que xunta. Con data do 2 de marzo de 2015, o Servizo de Montes, elabora unha proposta de novo esbozo para o monte de Santa Cruz de Parga, quedando o monte cunha superficie de 832,43 hectáreas, de conformidade coa nova cartografía. Examinada a devandita proposta, o Xurado, por unanimidade, acorda aceptala e proceder á oportuna incorporación do esbozo ao expediente, e constancia a nivel do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común, de conformidade con este.

Monte **Serra e Picato (expediente 103/80)**, pertencente aos veciños da parroquia de Pol (agás Eirón), do concello de Pol, clasificado polo Xurado con data do 16 de novembro de 1981. Como consecuencia da entrada en vigor da Lei 7/2012, de montes de Galicia, e coa finalidade de levar a cabo o establecido na disposición transitoria décimo terceira, con respecto á revisión de esbozos de montes veciñais en man común, o Xurado, na reunión celebrada o 17 de setembro de 2012, acordou solicitar do Servizo de Montes a realización de propostas de revisión e elaboración de cartografías actualizadas dos montes veciñais da provincia susceptibles de tal adecuación. Con data do 8 de xaneiro de 2015, tivo entrada escrito presentado polo Servizo de Infraestruturas Agrarias, como consecuencia do acordo da xunta local da concentración parcelaria de Santo Estevo de Pol, celebrada o 18.12.2014, no cal solicita que se proceda á revisión do esbozo conforme a documentación que xunta. Con data do 19 de xuño de 2015, o Servizo de Montes elabora unha proposta de novo esbozo para o monte Serra e Picato, quedando o monte cunha superficie de **98,78 hectáreas**, de conformidade coa nova cartografía. Examinada a devandita proposta, o Xurado, por unanimidade, acorda aceptala e proceder á oportuna incorporación do esbozo ao expediente, e constancia a nivel do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común, de conformidade con este.

Monte Artochos e Pedrizas (expediente 118/77), pertencente aos veciños da parroquia de Fanoi, do concello de Abadín, clasificado polo Xurado con data do 30 de outubro de 1978. Como consecuencia da entrada en vigor da Lei 7/2012, de montes de Galicia, e coa finalidade de levar a cabo o establecido na disposición transitoria décimo terceira, con respecto á revisión de esbozos de montes veciñais en man común, o Xurado, na reunión celebrada o 17 de setembro de 2012, acordou solicitar do Servizo de Montes a realización de propostas de revisión e elaboración de cartografías actualizadas dos montes veciñais da provincia susceptibles de tal adecuación. Con data do 15 de xuño de 2015, o Servizo de Montes elabora unha proposta de novo esbozo para o monte Artochos e Pedrizas, como consecuencia de ter coñecemento, a Administración forestal, de que dentro do perímetro do esbozo aparecen incluídas parcelas que foron obxecto de concentración parcelaria







XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 7/2015

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

D. José Ramón Losada Fernández

VOGAIS:

D. Ramón Rozadillas Valverde

Dna. Josefina Pereira de la Riera

D. José Antonio Rojo Fernández

SECRETARIA:

Dna. Lucía Belver Quiroga

Representantes pola comunidade:

D. Esteban Pérez Morán

Dna. Martina Díaz Muíña

Na cidade de Lugo, o día 27 de xuño de 2016, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na sala de xuntas da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN:** Visto no día da data o expediente número 7/2015 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **SANTO ESTEVO DE POL (AMPLIACION)**, no concello de **BÓVEDA**, iniciado por acordo do xurado do 30 de xuño de 2015, sendo vogal instructor **D. RAMON ROZADILLAS VALVERDE**, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vogal instructor (17-9-2015), iníciase o expediente **7/2015 (a instancia da xunta local da concentración parcelaria de Santo Estevo de Pol)** e ponse, como encabezamento, a certificación da **acta** da sesión do xurado na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vogal instructor.

SEGUNDO: O día 17-9-2015 solicítase ao Servizo de Montes, da Xefatura Territorial da Consellería do medio Rural, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **Lugo**.

TERCEIRO: O día 21-9-2015 recíbese un certificado do Servizo de montes, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, no que consta que o monte **SANTO ESTEVO DE POL (AMPLIACIÓN)** non figura incluído no catálogo dos de utilidade Pública da provincia de **Lugo**.

CUARTO: O día 22-9-2015 solicítanselle os seguintes documentos ao **Rexistro da Propiedade nº2 de Lugo:**

- Certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión, con indicación do nome das persoas a favor das que estea inscrito, título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase, inscritas ou anotadas, e que estean vixentes na actualidade, segundo os asentos.
- Certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

QUINTO: O día 28-12-2015 recíbese notificación do Rexistro da Propiedade nº2 de Lugo mediante a que advirte que, debido á indeterminación da descrición dos predios, non é posible efectuar unha calificación adecuada sobre a súa posible inscrición no rexistro.



SEXTO: O día 10-2-2016 comunicase ao **Servizo de Montes**, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, a iniciación do expediente.

SÉTIMO: O día 10-2-2016 comunicase ao **Concello de Pol** a iniciación do expediente e envíaselle un **EDICTO** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia aos que pertence o monte.

OITAVO: O día 10-2-2016 comunicase a iniciación do expediente a **Sergio Calaza Gesto**, como presidente da comunidade de Pol (agás Eirón).

NOVENO: O día 10-2-2016 comunicase a iniciación do expediente ao **Rexistro da Propiedade nº2 de Lugo** e solicítase a **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

DÉCIMO: O día 11-2-2016 envíase un **ANUNCIO** para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE) coa finalidade de comunicar a todas as persoas interesadas a iniciación do expediente e así poidan comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

DÉCIMO PRIMEIRO: O día 29-2-2016 aparece publicado o **ANUNCIO** no **DOG** número 40, páxina 7588, mediante o que se publica a iniciación do expediente de clasificación do monte **SANTO ESTEVO DE POL (AMPLIACIÓN)**

DÉCIMO SEGUNDO: O día 3-3-2016 aparece publicado o **EDICTO** no **BOE** número 54, no Suplemento de Notificacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRO: O día 26-5-2016 comunícaselle ao presidente da xunta reitora de Pol (agás Eirón) o dereito da comunidade á elección de dúas persoas representantes, que poderán asistir (con voz pero sen voto) ás reunións do xurado nas que se estude o expediente do monte **SANTO ESTEVO DE POL (AMPLIACIÓN)**.

DÉCIMO CUARTO: O día 27-5-2016 recíbese nota simple informativa do Rexistro da Propiedade nº 2 de Lugo na que consta que foi practicada a anotación preventiva solicitada (letra A, finca 9068 de Pol, folio 188, libro 68, tomo 1169).

DÉCIMO QUINTO: O día 8-6-2016 recíbese certificado do Concello de Pol que acredita que o edicto estivo exposto do 23-2-2016 ao 30-3-2016.

DÉCIMO SEXTO: O día 22-6-2016 é presentada a comunicación dos vogais representantes da comunidade de **Pol (agás Eirón)** para a reunión do xurado. Resultaron elixidos: Martina Díaz Muíña e Esteban Pérez Morán.

DÉCIMO SÉTIMO: Non se recibiron alegacións durante a tramitación do expediente.

FUNDAMENTO DE DEREITO

1. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñecer o expediente. Esta competencia élle atribuída polo artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.
2. De acordo co artigo 1º da devandita lei, son montes veciñais en man común os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen á agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.



3. Examinada a documentación do presente expediente, e posto que non constan alegacións en contra da clasificación, cabe manter o comprobado no estudo previo, realizado polo Servizo de Montes coa elaboración da carpeta-ficha, e aceptar a proposta do instrutor.

Atendendo, ao tipo de aproveitamento comunitario que presenta, considérase que o monte de **SANTO ESTEVO DE POL (AMPLIACION)** reviste o carácter de veciñal en man común, conforme ao disposto no artigo 1 da devandita lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, **RESOLVE:**

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte coas seguintes características:

Nome: SANTO ESTEVO DE POL (AMPLIACIÓN)

Pertenza: veciños/as da parrquia de POL (agás Eirón)

Parroquia: Pol

Concello: Pol

Superficie: 20,02 hectáreas

Estremas da zona de ampliación

Norte: Polígono 64, parcelas 51, 89, 72, 71, 70, 69, 68, 67, 66


Leste: Polígono 72, parcelas 9005 (camiño), 54, 9003 (camiño), 17, 24, 25, 59, 26.

Sur: Polígono 71, parcela 9005 (camiño)

Oeste: Polígono 72, parcelas 53, 50, 49, 63, 48, 47, 46, 45, 44, 43, 39; polígono 64, parcela 1.

Como consecuencia desta ampliación, o monte total clasificado para Santo Estevo de Pol (agás Eirón) pasa a medir 118,79 hectáreas.





Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **14 de xuño de 2023**, figura o seguinte acordo:

MVMC **Serra e Picato** (exp. 103_80-7_2015), pertencentes aos veciños da parroquia de Pol (agás Eirón), no concello de Pol.

Con data 27.6.2019 foi aprobado o acordo de reestruturación parcelaria da zona de Santo Estevo de Pol, declarado firme o 29.6.2022. En relación con isto, o Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo comunicou a necesidade de integrar a superficie concentrada do MVMC con plenos efectos xurídicos.

O 21.3.2023, o Distrito Forestal X, elaborou unha memoria e cartografía (2022_265) nas que se recollen as modificacións do monte veciñal por mor do proceso de reorganización da propiedade. A superficie resultante de **Serra e Picato** pasa a ser de **119,49** hectáreas.

En base ao disposto no artigo 70.6 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (Lei 7/2012), e ao establecido nos artigos 25 e 39 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, modifícase o perímetro do monte e dáse por feito o seu deslindamento de acordo co establecido no artigo 54 da Lei 7/2012, no que respecta ao perímetro do monte veciñal afectado por esta reestruturación parcelaria.

En vista do antedito, o xurado, por unanimidade, ACORDA aprobar a modificación do monte e dar por feito o seu deslindamento no perímetro afectado pola reestruturación parcelaria antedita, de conformidade co anterior e o informe elaborado polo Distrito Forestal X.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da presidenta do xurado.

Lugo, data da sinatura electrónica


A secretaria do xurado
Lucía Belver Quiroga

Visto e praxe
A presidenta do xurado
M^a Olga Iglesias Fontal



Asinado por: BARREDO SILVA, HUGO
Cargo: Técnico do Distrito
Data e hora: 21/03/2023 10:25:35

CVE: XNKHYNXRQF1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL		
Plano: Modificación do MVMC tras proceso de reorganización da propiedade		
Lenda: Posterior á modificación	Monte:	Serra e Picato
	Expediente:	103_80 / 7_2015
	Pertenza:	Comunidade de Pol, agás o lugar de Eirón
	Concello:	Pol
	Superficie previa:	118,79 ha
	Superficie posterior:	119,49 ha
Escala: 1:10.000 Ortofotografía PNOA Coordenadas UTM 29 - Sist.Ref. ETRS89	O técnico do Distrito Forestal X: Terra Cha (asinado dixitalmente) Hugo Barredo Silva	O xefe do Servizo de Montes (asinado dixitalmente) Manuel González Fernández